

Madrid, 13 de xunio de 1981

Meu querido del Riego: Por máis que esgarabelle na lembranza, non chego a recoller ningún dato ou caso concreto que che puidera servir pra o que tencionas facer sobre o benquerido Casal. Moitas conversas tivemos daquela sobre moitas cousas pero él aparéceseme como unha figura enteiriza e nobre, toda xenerosidade e coraxe, que se deu á loita polos nosos ideáis con desprendimento e sacrificio. A instalación en Santiago da súa imprenta foi, en boa parte, pra que o Seminario puídesse editar os seus traballos. Aló na rua das Hortas traballaba duro e sempre sorridente e optimista pra que a cultura galega dispuxese dun meio axcitado pra o seu espallamento. Cobrava cando e como podía e nunca se queixou das demoras. A veces dábase a impresión de que non precisaba do seu traballo para vivir( cousa, desde logo falsa).

Como eu saín de Galicia no ano 32 nada sei, senón por referencias tardías, da traectoria da súa vida e labor apóis dese ano. E da súa morte.

Sinto que non che poda ser de máis utilidade para a tua empresa que espero e desexo que leves a cabo.

Unha estreita aperta.